

138

# A NOSA TERRA

Idearium da «Irmandade da Fala» en Galicia  
e nas suas colonias

ANO MCMXXII



## Decálogo do Nacionalismo Galego

- |  |  |
|--|--|
| I<br>Autonomía de Galicia.   | VI<br>Sustantividade do dereito foral galego.                        |
| II<br>Autonomía municipal.   | VII<br>A terra para os que a traballen, e libre de gravames.         |
| III<br>Co-oficialidade dos idiomas galego e castelan.  | VIII<br>Repoboación forestal forzosa.                                |
| IV<br>Igualdade de dereitos civís e políticos para a muller e para o home.                                 | IX<br>Entrega á propiedade particular das terras incultas do Estado. |
| V<br>Representación proporcional e non elixibilidade dos que non rindan función útil para a colectividade. | X<br>Libre cambio.   |

PRECIOS DE SUSCRICION: Na Cruña, mes, 40 ctmos.; Fora, trimestre, 150 pesetas. América, trimestre, 2 ptas.; Coste d'un número, 15 ctmos—Pagos adelantados


Redacción e Administración: Preza María Pita. 17. baixos. A CRUÑA.

# FORD

## Nova baixa de prezos postos en vigor

	ANTES	AHORA
CHASSIS COMUN...	Pesetas 4.480	<b>3.835</b>
VOITURETTE para 2 pasaxeiros, aberto con arranque	» 6.300	<b>5.470</b>
VOITURETTE » 2 » » sin »	» 5.790	<b>5.100</b>
DOBLE FAETON » 5 » » con »	» 6.630	<b>5.470</b>
DOBLE FAETON » 5 » » sin »	» 6.125	<b>5.350</b>
SEDAN » 5 » (coche pecho con arranque)	» 12.050	<b>10.250</b>
CHASSIS AUTO-CAMION, de 1 tonelada	» 5.050	<b>5.065</b>

Estos prezos enténdense bordo Cádiz con dereitos de Aduanas pagados



Axiña recibiréi unha remesa de vinte autos e camiós, pol-o que recomendo aos moitos clientes que lles interesa adquirilos, fagan os pedidos EN FIRME, pois a demanda é moi superior as posibilidades da entrega inmediata. As entregas faranse por riguroso orde de turno.

Gran servicio económico de autos de alquiler

**LUIS GRANADOS**  
AXENTE

Oficina, Exposición, Garaxe e Salón de venda de pezas de recambio e toda crás de accesorios para automóbiles

Todas as miñas ofrendas enténden-se sin compromiso e suxetas á miña confirmación. As mercancias viaxan por conta e resgo do mercador, non admitindo devolta dempois da saída do almacén

**Payo Gómez, 5** **A Cruña** **Teresa Herrera, 6**


DIRECCION TELEGRÁFICA: LUGRAFORD

# A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL

ANO VI — NÚMERO 158 — 1.º MARZO 1922

Os novos aranceles para Galicia



O Centralismo.—¿E ti quen és para pedir xustiza...?

## Organización Nacionalista

**A IV Asamblea das "Irmandades da Fala" e do Partido Nacionalista Galego acaba de se celebrar en Monforte nos días dazaioito, dazanove e vinte do mes de Febreiro**

Como tiñamos anunciado aos nosos lectores, nos días 18, 19 e 20 derradeiros acaba de se celebrar na Cidade de Monforte a IV das Asambleas nacionalistas que as Irmandades da Fala, dende a xa gloriosa Asamblea de Lugo, veñen periódicamente celebrando.

Asistiron a ela representacións da maioría das Irmandades e Mocedades nacionalistas, e moitos elementos d-aqueles pobos e-os que aínda non hay organizacións nacionalistas constituídas. Entre os concurrentes—e sintindo moito o esquecemento involuntario d'algúns por non sabere o seu nome—lembramos os dos señores: Jaime Quintanilla, Eugenio Charlón e Ramón Villar Ponte, de Ferrol; Antón Lousada Diéguez, Alfonso Castelao e

J. Calviño, de Pontevedra; Lusres Rivas, de Vigo; Enrique Peinador, de Mondariz; César Quiroga, da Arxentina; Vicente Risco, Arturo Noguerol, Alfonso Monjardín, Eugenio Montes, Cleto Pedralo, Manoel Villot, Antón Sánchez, de Ourense; Francisco M. Balboa, Antón Villar Ponte, Antón Martínez e Lois Peña Novo, da Coruña; Manoel Antonio, de Rianjo; Roberto Blanco Torres, pola prensa de Ourense; numerosos irmáns do mesmo Monforte; e moitas adhesións, en especial da Mocidade colliga de Madrid, de Santiago, de Lugo e de Bayona.

As xuntanzas tiveron lugar no Salón de sesións do Pazo Municipal, posto galantemente a disposición dos Asambleistas polo señor Alcalde, que é merecente da nosa respetosa gratitude. A primeira sesión dou comezo no serán do día 18, e nos días seguintes houbo tamén sesións á mañán e á noite, podendo-se dicir que a Asamblea estivo en sesión casi permanente durante os tres días, sendo moitos e moi interesantes os temas discutidos e aprobados, sendo moitos tamén os que non se poderon discutir por falla de tempo. Un dos acordos tomados foi o nomeamento d-un Coaselleiro Supremo do Partido Nacionalista; víñase notando no nacionalismo galego a falla de unidade de acción, que non podía abranguer un Directorio

compuesto de persoas ausentes urhas das outras, e con iso foi nomeado por unanimidade o noso querido irmán da Mocidade de Ourense, Vicente Risco, cujos grandes merecimentos son coñecidos por todol-os nacionalistas. O Conselleiro Supremo quedou encargado de mandar a todas as Irmandades copia da acta da Asamblea coas proposicións e ponencias aprobadas para sometelas á aprobación de cada unha delas cando cheguen á nosa mán daremol-as a coñecer aos nosos lectores; namentras somente podemos facer un breve resumen d-aqueles acordos que consideramos mais importantes e dignos de publicidade.

#### SESION DO PRIMEIRO DIA

N-ela discuteuse con grande amplitude o primeiro tema, que trataba da "Organización definitiva das Irmandades e do Partido Nacionalista Galego". En col do mesmo presentaron sendas ponencias a Irmandade do Ferrol e a Mocidade de Ourense. O conselleiro da Coruña, señor Balboa, propuxo como base de organización o Regramento oficial das Irmandades, como único para todol-os organismos nacionalistas, sendo aprobada a parte derradeira, a da unidade de Regramento, e desvelada a primeira. E posts a discusión as ponencias presentadas, tomáronse, entre outros, os seguintes acordos:

As Irmandades da Fala e demais organismos nacionalistas constituirán dende agora un organismo único que se denominará "Irmandade Nacionalista Galega". As Irmandades da Fala e organismos existentes trocarán o seu nome pol-o nome común de "Delegación da Irmandade Nacionalista". Estas Delegacións terán un Regramento único que será o aprobado pol-a Asamblea, mais conservarán autonomía para o seu réximen interno.

A autoridade suprema da "Irmandade Nacionalista Galega" residirá na Asamblea, quen delegará de ano en ano nun Conselleiro Supremo, que será nomeado en cada Asamblea ordinaria con dereito á reelección. Iste Conselleiro Supremo terá plenas facultades executivas e de manod, con responsabilidade persoal que lle será esixida pol-a Asamblea.

A Asamblea xuntaráse unha vez ao ano, no lugar que se determine na anterior; e poderán celebrárense Asambleas extraordinarias cando as convoque o Conselleiro Supremo ou o soliciten a maioría das Delegacións.

O Conselleiro Supremo poderá nomear cinco Conselleiros auxiliares e tantos Consellos técnicos precisé, na intelixencia de que a responsabilidade será sempre única e exclusiva do Conselleiro Supremo.

Moitas mais propostas se discutiron sin seren aprobadas; unha delas da Irmandade do Ferrol propoñenod que o partido nacionalista se declarase republicano; mais os mesmos delegados do Ferrol retiraron-a inmediatamente por se daren conta da súa inoportunidade e de ser eposto a tal declaración o ambiente unánime da Asamblea. Facemos ista aclaración, porque no xornal da Coruña "El Noroeste", sin dúbida mal informado, deu como aprobada ista proposta que nin siquera se discutiu.

#### SESION DO SEGUNDO DIA

Toda a sesión d-iste día, que durou unhas dez horas, adicouse ao estudo do problema político, dividíndose a opinión da Asamblea en tres criterios fundamentás; un criterio de apoliticismo absoluto, declarando que o nacionalismo non tén nada que ver coa política nin cos problemas políticos; outro criterio de apoliticismo electoral, fundado no receio a que o nacionalismo sexa contaminado pol-os vicios da demais polí-

tica, e sobre todo, porque o nacionalismo nada tén que ver coas Diputacións e co Parlamento, posto que son orgos do Estado centralista que non podemos acatar; e outro criterio de intervención política en todo, fundado en que o problema nacionalista é fundamentalmente un problema político, e en que a mais eficaz propaganda é a propaganda política.

Sin facer declaracións concretas sobre d-iste punto, aprobáronse as conclusións seguintes:

O partido nacionalista poderá soste intelixencias oficiais coas demais organizacións políticas de Galicia para a solución d-aqueles problemas e a propaganda d-aqueles ideas en que coinciden.

O partido nacionalista votará sempre candidatos nacionalistas en todas as eleccións. O acordo de ir ás eleccións será tomado pol-a Asamblea.

Ningún nacionalista poderá faguer actos políticos ou de propaganda sin o previo consentimento de Conselleiro Supremo.

Ningún nacionalista poderá estar afiliado a outro partido político.

#### SESION DO DIA TERCEIRO

N-este día estudiáronse os medios de propaganda e os traballos que se deben realizar axiña pol-a Irmandade Nacionalista. En col de todo isto tomáronse os seguintes acordos:

Que cada Delegación da Irmandade edite un boletín mensual de propaganda.

Faguer un dicionario da nosa lingua.

Facer unha intensa propaganda entre os mestres d'escola, os cregos e todol-os centros de ensino, especialmente a Universidade con arreglo ao plán pedagóxico das Irmandades, feito por Vicente Risco e xa aprobado na Asamblea de Vigo.

Esixir dos poderes públicos o dereito a redactar en galego os documentos notariais, e esixir tamén que seian galegos todol-os funcionarios xudiciais.

Para istos e outros moitos fins de propaganda que non detallamos, cada Delegación contribuirá co dez por cento de todol-os seus ingresos, que será remitidos ao Conselleiro Supremo nos primeiros días de cada mes.

Outros moitos acordos se tomaron que por se referiren á organización e réximen internos non consideramos de oportunidade o publicalos.

Tamén se acordou, e (esto tén especial importancia para a da Coruña), que eiquí se celebre a próxima Asamblea.

#### UNHAS CONFERENCIAS E UN MITIN

Invitados pol-a Directiva, deron conferencias de propaganda nacionalista no Casino-Liceo de Monforte, os irmáns Castela, Risco, Quintanilla, Nogueiro e Peña Novo.

O derradeiro día finou a Asamblea con un mitin no Teatro Principal, completamente abarrotado. Faláron Banet Fontenla, Villar Ponte (Antón), Nogueiro, Peña, Quintanilla e Risco. O público sumouse calurosamente á protesta contra a reforma arancelaria, acordándose entre grandes ovacións, mandar ao Goberno o seguinte telegrama:

"Asamblea nacionalista cuarta, interpretando sentir pobo Monforte reunido acto público, e toda Galicia, manda mais rexa protesta contra aranceles cereais, cuja derogación pedimos, pois non podemos consentir a división da Hespaña en Rexións privilexiadas e Rexións escravizadas, en cujo caso Galicia pensará que non lle convén pertencer a un Estado que lle esixe todo e non lle concede nada.

Ao día seguinte da Asamblea os irmáns Quintanilla e Vi-

Har Ponte (Antón) foron a Ourense, solicitados por elementos d-aquela localidade, a daren sendas conferencias que foron moi gabadas pol-a prensa ourensana.

#### IMPRESION FINAL

Hasta eiqú, a nosa labore de reseña sintética, excrusivamente informativa. Agora, en poucas liñas, queremos resumir tamén a impresión persoal que nós sacamos da Asambreira.

A primeira consideración que a un lle ofrecen istas Asambreiras é a de que a única idealidade viva e organizada que hoxe hai en Galicia é o nacionalismo; ningunh forza, ningunha organización, ningún partido político se xunta en Asambreiras periódicas pra discutir o seu idearium e para estudar a realidade da nosa Terra, sempre nova e sempre inqueda. Poucos ou moitos, os nacionalistas somos a única realidade da política galega; todo o demais son cacicatos estampillados ou organizacións electorás.

Ista Asambreira foi unha das mais intresantes, quizavés a mais intresante despois da de Lugo. Moi intresante pol-a valía dos elementos que se xuntaron, a importancia dos acordos que se tomaron, e a importancia, quizavés maior aínda, dos que se discutiron e non se acordaron.

Pol-os acordos tomados, d'agora en pra diante non haberá simon unha única "Irmandade Nacionalista". A autoridade suprema, denantes vinculada n-un Directorio ao que pertencían os Conselleiros det odal-as Irmandades, sustituido denspois n-a Asambreira de Vigo por un Directorio elixible, convirteuse agora en autoridade unipersoal. Os nacionalistas que podían pertencer e de feito pertencían a outros partidos políticos afís ao nacionalismo, por os non consideraren incompatibles, agora non poderán pertencer ao nacionalismo namentras non seán baixa nos outros partidos. Como principio, e sin perxuiño, o nacionalismo asterase das loitas electorás, porque pra ir a elas se precisa o acordo previo da Asambreira. A actuación política queda moi limitada en todo caso. Por teren os mesmos dereitos total-as Delegacións, e non se precisare determinado número de socios pra constituílas, varía compretamente a estruturação do partido nacionalista. Ista—pensamos nós—que son as consecuencias inmediatas e fundamentás da derradeira Asambreira.

Decíamos que quizavés o mais importante fosen as propostas discutidas e non aprobadas. Veuse en efecto, que os temas que mais apasionaban a todol-os asambreistas eran os políticos, e na discusión d-istes veuse crara e cristalina unha fundamental disparidade de criterios: unhas partidarios da actuación política, e outros radicalmente opostos a toda intervención política.

As propostas aprobadas en col d-iste asunto refrexan fielmente, sin confirmal-os, ambos criterios, que mutuamente e cordialmente se fixeron concesións tolerantes e fructíferas. Iste fenómeno que poidera interpretarse coma unha diverxencia perturbadora no seo do nacionalismo, non é mais que unha manifestación da súa punxante vitalidade, o desenvolvemento natu-

ral d-un proceso que poidéramos chamar biolóxico por se dare en todol-os movementos d-ista crase, pois istos movementos son provocados de ordinario por minorías intelectuás que paren a ideía a cuio redor se xuntan todol-os espritus inquedos e rebeldes, xa que a misión das "elites" intelectuás é condensar en corpos de doutrina o pensamento e o sentimento difuse da súa época; cando o movemento do seu rudimentario comenzo vai tomando corpo en organizacións, os intelectuás siguen a súa labore de creación, illados da realidade ou tomando a realidade como laboratorio de experimentación, namentras os homes chamados "de acción" son os encargados de plasmaren na realidade aqueles ideás que os homes de gabinete van creando. Ista duplicidade de funcións, que no comenzo sempre aparecen confusamente unificadas; coma toda función rudimentaria, vaise fixando e distinguindo a medida que o movemento avanza e se multiplica, e as funcións vanse complementando, inda que as veces aparecen opostas. Pois a iste grado de perfeccionamento ideolóxico e de vitalidade orgánica está chegando tamen o nacionalismo galego; eist polo menos deixouse entrever na Asambreira de Monforte, da que por iso mesmo debemos acharnos satisfeitos, tanto pol-o seu resultado práctico coma pol-a súa sinificación sintomática.

Pol-o demais, non se trataron, sendo moito de sentir, os temas referentes á labor agraria e ao cultivo do idioma, temas de trascendencia casi requiriría a xuntanza d-unh Asambreira extraordinaria.

Temos tamén que sinificar a satisfacción que na Irmandade da Coruña produxo o acordo de se celebrare a próxima Asambreira eiqú.

#### OS NOVOS

### Non son os ollos fagueiros

Non son os ollos fagueiros  
c'o seu mirar solermiño,  
non son as verbas amigas  
cheas de dóce agarimo.

Non é o celme dos labios  
que só desfacer-se en beijos  
nin a seda d'albas maos  
toda alumiños e leros.

Non son as plumas chufonas  
decote a tecer gabanzas  
nin o cariño infecundo  
à Mai-Terra escravizada.

Non é nada do que vemos e sentimos  
que é tan só...

¡Aí do que non sabe lêre  
no fondo dos corazóns!

(Do libro «Abrente.»)

VICTORIANO TAIBO.

## Os viños do Ribeiro

# ARNOYA FINO

Siñifican o máximu d-a "delicadeza"

Bodegas da Viuda e Fillos de Xoán Fuentes—Ourense

Representante na Cruña: D. R. G. Alegre — Juana de Vega, 35

## DO PASADO

(Século XV)

Esta cantiga fiso **Alfonso Alvarez, de Villa Sandino**,  
por amor e loores de una su señora que desían.

Desde que de vós me partín  
Lume d' estos ollos meus,  
Pol-a fé que debo á Deus  
Xamais pracer nunca vin.  
Tan graves coitas sofrín  
Sufro, atendo sufrir  
Que pois non vos podó ver  
Non sei que seía de min.

Choran con gran soedade  
Estos meus ollos cativos  
Mortos son pero andan vivos  
Mantendendo lealdade:  
Señora gran crueldade  
Faredes en olvidar  
A quen non lle plaz mirar  
Se non vosa gran beldade.

Meus ollos andan mirando  
Noite e día a todas partes,  
Buscando por moitas artes  
Como non morra penando;  
Mais meu corazón pensando  
Non lles quere dar pracer  
Por vos sempre obedecer  
Eles non cesan chorando.

Esta "Cantiga" é a número 14 do "Cancioneiro de Baena", no que se ve cal se disputan o campo da poesía as dúas escolas: a "Invadorea Galega" e a Sevillán; mais pol-as composicións rexistradas na colección notase que tan sô imitando, inda sexa imperfectamente, a lírica galega, podía haber na poesía delicadeza, ternura, xentileza e sentimento.

O autor da "Cantiga", Alvarez de Villasandino, aparece cultivando os dous xéneros; mais en honor á verdade, inda que este troveiro sexa o mais poeta de todos, temos que decir que onde sobresaie e se amosa como verdadeiro mestre e delicado poeta é nas composicións galegas.

Dicennos que foi nado en Castela: ben poido ser: mais á nosoutros somellanos ser galego pol-o coñecemento e manexo da nosa fala e porque é mais inspirado e correcto, cando a empra que non cando fai uso da que dicen sere a sua lingua nai.

Ao transcribir a composición permitímonos substituír algunhas voces, moi poucas, por entendere estaren alteiradas por sua lectura, transcripción ou erro de copia.

V<sup>da</sup> de H. Hervada **Casa fundada en 1865**  
**A CRUÑA**

FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES, MAQUINARIA AGRÍCOLA, PEDRAS FRANCESAS PRA MUIÑOS, ETC., ETC.

**LINO PEREZ MARIÑAS**

Representante e Comisionista

Rua Real, 43

**A CRUÑA**

## PROGRESAMOS

Poucas veces reinaría o grande entusiasmo que hoxe temos todol-os irmáns da Irmandade da Fala na Cruña, "alma mater" de todal-as Irmandades de Galicia.

Coas obras de decorado que están facendo-se no salón de actos damos-lle aspecto de unha fermosa sala de Teatro, cuio fondo pechará un bonito telón coas côres da bandeira galega, O artista, noso irmán Indalecio Díaz, ten postos todol-os seus entusiasmos n-esta obra que ten de ser unha consagración das suas actitudes.

O Teatro galego é hoxe unha das cousas que debemos atender preferentemente xa que por él chegaremos a intensificar o galeguismo afacendo ás xentes ao oír e falalar o noso idioma.

Nunca serán d'abondo loubadas as fermosas señoritas que formán no noso cadro de declamación o os entusiasmas rapaces que comparten tan importante labor facéndose todos merescentes ao título de beneméritos da Patria, d-esta Patria galega pol-a que sentimos os nosos mais grandes amores; beneméritos si, porque as mellores armas para trunfar nas grandes causas son aquelas que sin ferir, chegan ao corazón e ningunha como o Teatro, que deleitando-nos, leva a o fondo da nosa alma a persuasión.

Por primeira vez, dende a fundación das Irmandades, imos establecer escolas nocturnas; esto e de unha importancia que non é preciso loubar; pois ela en por sí sola dí d'abondo.

Non hai misión mais Santa que a do ensino. Houbo alguén que dixo que: "O home que non sabe leer é medio home", nós coidamos que é menor ainda. Aparte do primeiro ensino, establecemos tamén os estudos superiores e os idiomas de maior uso no mundo comercial. Todol-os sábados, darase unha conferencia escolar, excursións ao campo, etc.

De seguir este camiño os Consellos directivos que se sucedan do actual, sostendo estas escolas no noso local, temos a fonda satisfacción de que moitos dos alumnos que reciban n-elas o pan da intelixencia, bendecirán decote a esta Irmandade.

Para rematar, poñemos a seguir a circular que o noso Director e Conselleiro 1.º dirixe a todol-os asociados d-esta Irmandade cos fins que n-ela se indican. Sirve tamén para os que adscritos a ela, vivan fora da Cruña.

Agardamos fundadamente que todos han saber responder xenerosamente á invitación que se lles fai para suscribirse para que a Irmandade conte con fondos para o desenrolo da sua grande obra. Di así:

Irmán: O Consello Directivo d-esta Irmandade, coida chegado o momento de determinar unha acción mais forte para conquistar o noso rexurdimento, e conta para elo coa axuda de todol-os BÓS e XENEROSOS.

Todol-os xueves, ás sete e media do serán, xunta-se na Segredaría desta irmandade o Consello Directivo, no que teñen voz todol-os irmáns que formaron en consellos anteriores, e tense tomado o acordo pol-o Consello actual de que tamén poden asistir os irmáns que teñan ideas novas que expoñer en ben da Santa Causa que defendemos é rogamos a vostede que concurra.

Temos aberta a matrícula pública e gratuita para as de primeiro ensino, para nenos e adutos, Gramática e

Literatura galega, Contabilidade comercial e cálculos mercantís; Francés, Inglés, Caligrafía, Navegación práctica, Historia, Geografía xeneral e particular de Galicia, etcétera, etcétera. As clases darán comenzo en 1.º de Marzal, cumprindo un fin cultural galego e serán anunciadas nos xornás.

Có fin de corresponder á grande concurrencia que asiste ao noso Teatro galego, todol-os domingos, obrigounos a adecentar e decorar o salón de actos, e non contando con fondos tivemos precisión de facer unha suscripción con carácter devolutivo a medida que a Irmandade poida ir facendo-o.

Rogamos a vostede que faga un sacrificio en relación coas súas forzas económicas; de non ser posible esto, agardamos que contribuíra con unha cantidade (e por unha sola vez) igual á cuota que vostede paga mensualmente.

Temos nomeada unha comisión có fin de aumentar as listas de irmáns. Precisamos, para o noso desenrolo, chegar ao mínimum de mil asociados, e rogamos a todos, para que cada un, dende o sitio en que ten as súas ocupacións, faga propaganda galeguista por todol-os medios que lle suxira o seu creto, e conquira adeptos para a Irmandade, que é hoxe a entidade social mais pura d'esta capital onde todol-os bós galegos deben estar para laborar porque a nosa Santa Galicia teña persoa propia e sin mixturas.

¡Saúde e Patria!

FRANCISCO M. BALBOA.

1.º Conselleiro

Na Cruña, Febreiro do 1922.

## VIDA LITERARIA

### Leonardo Coimbra en Madrid

Pasou unha semana entre nós Leonardo Coimbra, o filósofo do "Creacionismo". Chamado pol-a Residencia de Estudiantes en Madrid para dar unha conferencia, a súa palabra xenerosa escoitouse despois no Ateneo, na Universidade; e oíndo-o sentímo-nos mais perto que nunca do espírito de Portugal.

Quen escoite o verbo ardente de Leonardo Coimbra e seipa que é un home político—sin reparar na súa sinificación de home de pensamento e sin atermos ao senso das palabras que escoita (non moi aventurado de supoñer esto último, xa que para os portugueses sérias dificultades fonéticas)—quen o escoite só como "espectáculo" nunca poderá maxinarse que ese tón grandilocuente, esa voz potente, ese ademán tribunicio sirven á exposición mais apretada do pensamento, nunca incompatible coas galanías de forma, antes ao contrario, alumeada por elas.

Nas conferencias que escoitamos a Coimbra, o abundante non era a palabra, sinón a materia. A súa primeira plática, exposición sucinta dos fundamentos do seu sistema filosófico, fixo-o ver dende logo.

A súa disertación no Ateneo acerca do sentido relixioso da moderna poesía portuguesa, interesante para un público mais amplo, non-o desminten.

É positivo que en Hespaña só uns cantos espíritos curiosos atenden as moitas voces da literatura portuguesa. É positivo e moi de lamentar.

E non só por relación de parentesco e veciñanza, nin

menos porque en outras datas as dúas falas foron indistintamente medio de expresión para grandes escritores, sinón porque hai no país veciño valores absolutos dignos de ser estimados por sí, apar e toda consideración circunstancial.

Mais de unha vez, en tempos de gran arredamento, os hespañoles teñen encontrado nos portugueses un exemplo, un impulso. Temos indicado a influencia técnica de Engenio de Castro sobre Rubén Darío, e conseguintemente sobre a poesía hespañola posterior ao 98. ¿Teñen-se tamén apuntado a de Herculano, poeta, no endecasílabo de Núñez de Arce, e a de Herculano prosista a das súas "Lendas e narrativas", no primeiro Blasco Ibáñez? Coidamos que non.

Leonardo Coimbra falou agora dos poetas en quen se marca un senso relixioso, cardinal na raza vencedora de Adamastor o Prometeo dos mares do Sul; pero vencedora e libertadora ao mesmo tempo.

Esa relixiosidade, que anoa relacións entre a vida humana e o infinito, que derrama o espírito dos poetas sobre a natureza indiferente, veu na poesía portuguesa despois d'un período de descenso en que as voces mais sonoras decraman contra unha tiranía, aspiran a un lixerio humanitarismo e erguen os conquermos da ciencia; unha poesía serve, que atopase afeita na súa servidume.

Entre tanto, Anthero de Quental, rama cúme d'esa árbore, sinte o chamamento do infinito. A súa traxedia está n-un alán de sternidade incompatible co seu concepto da vida, forxado nas ideas do seu tempo. Esa aspiración é xa relixiosa, é xa d'un poeta d'agora. E a súa expresión mesma, a dos "sonetos" ispida dentro das mais cinguida e regular forma métrica, evita o caduco da poética ao uso.

A veira de Anthero, un novelista fecundísimo, grandemente vario, Camillo Castello-Branco, traza nas súas figuras mais vivas, tipos de humanidade superior. O alento divino na súa alma—di Coimbra—chámase lealdade: así a Mariana, de "Amor de perdición", xa posto entre nós por Unamuno, no coro das mais subrimas criaturas da Arte.

Soa logo, rústica e recatada, a voz de Antonio Nobre. Ten o poeta de "Só" unha pureza sómente comparable á do mais puro e espontáneo Verlaine. Sinte como ninguén a alma da súa terra portuguesa. Sen "sagesse" infantil encontra axiña eco e n-él apoia ese desexo de simplicidade, de inocencia que transforme a poesía da súa Patria e déixase sentir en "Os simples", de Guerra Junqueiro, poeta, sobre todo intelectual, de reputación xa ben ganada en outras cordas da lira. "Os simples" e as dúas oracións ao Pan e á Luz, acercan-o aos poetas novos.

D'estos Leonardo Coimbra proclama como o máximo poeta de Portugal a Teixeira de Pascoaes cuia obra comenza a ser conocida e estudiada en Hespaña.

Coimbra, lendo fragmentos das súas poesías, definiu seu carácter con palabras de emoción profunda.

O poeta é como un corazón rodeado de sombras; n-elas vaga o que ten de ser e vislúmbrase o que será. Un sentimento a "saudade", levao a comulgar con elas. As súas paisaxes son todas espirituais, sin cor: "Pascoaes pinta con branco e preto."

Pascoaes e Coimbra son entrambos de terras do Norte. Os dous teñen dado as súas obras n-unha mesma agrupación intelectual, baixo a enseña da Renascença Port.

guesa do Porto. En ese grupo é Pascoaes o corazón e é Coimbra a intelixencia. Nun a "saúde" vai infundindo a súa alma ás cousas; no outro o espírito filosófico, o pensamento creacionista, vó a un eterno alén.

E agora convén falar de Leonardo Coimbra poeta. Diante de nós está o último dos seus libros: ADORAÇÃO, CANTICOS DE AMOR, recién publicado. Pero mellor que canto nós puidéramos decir falarán unhas páxinas d'ese libro que traduciremos en breve para os lectores de "España", si Leonardo Coimbra permite.

(Da revista "España".)

E. Díez-Canedo.

### Na Cruña, n'un xuício por xurados, fíxose preciso un intérprete de galego

Decían e din aínda que os nazionalistas estamos fora da realidade. Mais os que esto din resultaron mais papistas que o Papa. A realidade encarregouse de darnos a razón.

Mil veces defendimos a necesidade de que os togados que desempeñaran a súa función en Galicia, souperan falar o noso idioma. Criticóuseños; díxosenos que tal afirmación era d'un rabioso nazionalismo; que pretendíamos botar de Galicia os alleos, e quíxosenos poñer medo coas consecuencias desfavorables das represalias, tratándose d'un pobo por natureza emigratoria como o noso... ¡Parvadas!

Mais agora—e este é o caso—un señor extranxeiro que desempeña as funcións de fiscal na Audencia da Cruña, consente do seu deber e da súa responsabilidade n'unha causa na que se piden tres penas de morta, tivo precisión de pedir, pra entender as declaracións dos procesados, un intérprete. Valeuse, a este fin, do fiscal substituído que é galego.

Coidamos non ser preciso facer comentarios. A necesidade fíxo que con feitos se nos dera a razón.

## O problema arancelario en Galicia

Todol-os males que o monopolio dos cereás produce a Hespaña multiplícanse e medran ao ter relación coa economía galega.

En xeneral o arancel centralista, sinon todol-os da Aduana hespañola son para Galicia a maneira de columnas barométricas que van marcando gradualmente a nosa miseria; pero ademais son un padrón de vergonza e inominia, un verdadeiro estigma de pobo colonizado; toda a nosa economía rende tributo a total-as demais economías hespañolas. Galicia ten unha economía librecambista por natureza e na Hespaña total-as fontes de produción son protexidas... menos as fontes da nosa produción; nós precisamos importar cereás, maquinaria, tecidos, carbón e casi non podemos importar nada d'eso pol-a escandalosa protección das tarifas aduaneiras. Esta protección arruina-nos e desfai-nos por dúas causas: porque impide-nos importar o que precisamos e porque a nosa riqueza ao ser perxudicada coa outra protección ás outras riquezas hespañolas, non é compensada con unha protección igual, pois nós temos reservas que non están protexidas contra as conservas extranxeiras; temos gadería, base da riqueza rural, e na Hespaña poden entrar libremente sin gravame algún as carnes extranxeiras; temos madeiras e non só se deixa importar a madeira extranxeira, sinon que se grava a exportación da madeira nosa para que teña-mos que vendel-a de menosprecio ao resto da pensua.

Si, pois, os arancés en xeneral fixan a Galicia un papel de pobo colonizado en relación cos demais da Hespaña, non podía ser unha excepción o arancel dos cereás; polo-contrario, éste supón o maior sacrificio para a nosa riqueza.

Decíamos que ao consumidor hespañol costa-lle o arancel dos cereás un sobreprecio ao ano d'uns 250 millóns de pesetas. Pero a maioría das rexións da Hespaña son zonas naturalmente trigueiras, e en parte resultan compensadas d'aquel sobreprecio por darse n-elas o dobre carácter de consumidoras e produtoras.

Como Galicia produce moi pouco trigo, n-este aspecto resulta a mais perxudiciada. Aquelas rexións que non teñen cereás tampouco os consumen mais que para a manutención humana; mais como en Galicia temos a industria gadeira, que consume tanto cereal, pol-o menos, como o factor home, n-este senso resultamos perxudicados dobremente, e si para manter-nos nós temos que pagar un sobreprecio de 25 millóns de pesetas, temos que pagar outro tanto pol-o dereito a manter o noso gado. Deste prexuício líquido de 25 millóns deriva-se aínda outro maior: e é que por esta enorme carestía non podemos desenrolar a nosa primeira riqueza rural: a gadeira, e non podemos implantar as industrias derivadas, como as do queixo, manteiga, etc., porque a produción da nosa gadería cósta-nos un 30 por cen mais que a de Holanda ou Suíza. Pol-a enorme carestía do cereal, os nosos labregos adican 450.000 hectáreas de terreo ao cultivo do trigo, do millo e do centeo, cultivo antieconómico pero que ten de atender o, non por comenencia sinon por necesidade derivada do arancel; eses terreos con liberdade arancelaria adicarían-se automáticamente a prado ou pastos de secano, multiplicando prodixiosamente a nosa riqueza agropecuaria. Por eso o galego é habitante probe d'unha terra rica, e tén que largarse á emigración, non por espírito aventureiro, sinon por instinto de conservación.

Lois Peña Novo.

UNHA EDITORIAL GALEGA

## CELTIGA

Entre varios irmáns nosos do Ferrol acaba de se constituir en aquel pobo unha editorial galega que leva este nome.

Teñen o pensamento, e así faran-o, de imprimir cada mes unha noveliña, obra de teatro, ou libro de versos, n-un folletino que venderá ao precio de trinta céntimos.

Cada libro levará dibuxos de Castelao, Cebreiro, Lamas e outros artistas galegos.

Contan xa con algúns orixinais, e o primeiro número que sairá á venda é unha noveliña curta de Xaime Quintanilla, nomeada SAUDADE.

A nosa embora aos queridos irmáns do Ferrol que d'este xeito traballan pol-o erguemento e afiucamento da nosa cultura propia.

## ALÉN

Temos recibido, adicado, un exemplar da comedia "Alén", que no Ferrol acaba de editar o noso querido irmán Xaime Quintanilla. Está moi ben impreso e leva unha bonita portada de Cebreiro.

É unha comedia moi orixinal e tamén moi nova. O argumento é orixinalísimo. A acción da obra, n'un acto, dividido en tres cadros, desenrólase en Nova-York e os persoaxes son todos extranxeiros, a maioría norteamericanos.



Conecemos outras produciós milliores do irmán Quintanilla, mais a que hoxe nos ocupa está ben. Está moi ben dialogada e acusa unhas grandes condicións de dramaturgo

Nós, que conecemos a súa "Donosiña" e outras comedias que ten feito en castelán e galego agardemos das súas notabres e ben acusadas condicións moito bó para o teatro galego. A nosa embora.

## TEATRO GALEGO

### O que se precisa para ser actor

#### II

É moi xeneral a creencia de que para ser actor abonda con ter afoiteza para se presentar diante o público e recitar o papel adprendido, "moreilleando" mais ou menos. Cóida-se tamén que de calquera home pódese facer un actor, e que toda educación literaria ou científica é inútil. Non é así.

Si o actor tiver unha figura esbelta, elegante; un ollar vivo; unha bela fisonomía dotada de movilidad e expresión; unha voz sonora e forte, de timbre grato ao ouvido e flexible ás modulaciós precisas, terá a maior das ventaxas para se atraer as simpatías do público dende o primeiro momento que se presente en escena.

O bon senso é igualmente unha das cualidades que debe poseer o actor. O que se decate do que pode ser subríme e do que resultará ridículo, estará no camiño da gloria.

Pero dende logo que a primeira das condicións que ha ter o actor é a "vocación".

Vocación quer dicir "voluntade": estudo, traballo, costancia e rebiza de gloria...

O que se adicar á dramática debe encetar dende logo o estudo da arte de representar, procedendo en forma enteira e práctica, conforme se fai nas demais carreiras artísticas: isto é, cursando a parte técnica nun Conservatorio ou escola, e á falta d'estes someténdose ás lições d'un actor, para poder comprender os preceitos cos exemplos durante o ensino.

Durante este período de preparación técnica non debe o

discípulo descoidar a súa educación moral e intelectual, que tanto han de lle axudar na súa arte. O actor non pode, non debe ser analfabeto. En primeiro lugar ten que adequirir os coñecementos gramaticos e "do xenio" da lingua en que tiver de representar, pois só así poderá ser intérprete fiel e consciente da linguaxe dos autores, "de cujas ideas e intencións" é intermediario co público.

A voz, recurso principal do actor, debe merecer a atención preferente do estudante. É preciso educala por medio de exercicios constantes e metódicos hasta lograr adaptala á todas as modulaciós, á todas as inflexiós do sentimento: coñecer as súas cualidades e os seus defectos, para pasar lixeiramente pol-as cordas ingratas e facer vibrar sómente as harmoniosas.

Non debe esquecer o artista que o ton da voz influe moito para dar o verdadeiro carácter ao papel que se xoga, e lograr así o éxito cobizado.

Con todo lle non abonda poseer unha dicción correcta. É mister que o actor pol-a forza da intelixencia e da vontade estea completamente identificado coa "situación" que interpreta, e que "sinta" a impresión que experimentaría en circunstancias iguais o personaxe que él representa.

É moi comente adequirir desenvoltura nos movementos axilidade e elegancia nos modales. O actor está decote ante o público que o fita con atención constante e é preciso que os seus ademáns sexan irreprochabres, sin ningunha afectación nin amareiramento.

Debe tamén exercitar a memoria. Ningunha cousa dá tanta tranquilidade ao actor cando está diante o público, como ter a seguranza de que poderá interpretar debilmente o papel que representa; e isto só se pode lograr cando se teñen ben adprendidos os "recitados", "situaciós" e "sentimentos" de que está revestido o personaxe. É dicir: cando se sabe o papel.

Dicia Talma ao autor d'unha obra que iba estrenar: "Procurarei non representar o personaxe, senon sólo".

Eso é o que o actor debe facer sempre: "que non se vexa que é él" o que está na escena, senon que sexa a "persoa creada" pol-o autor da obra. Isto lógrase desprendéndose por inteiro da fachenda do "son eu", que perxudica á maneira de ser da figura que se represente. **Ramón Alvaríño.**

## CERVANTES

✿ Librería, Papelería e Imprenta ✿

TELEFONO, 456

Rua Real, 49

A CRUÑA

## "LA SANTIAGUESA"

Gran Hospedaxe de GUZMAN

Orzán, 70 - Teléfono, 290 - A CRUÑA

Casa situada no mais céntrico da poboación con habitacións independentes. Preto das administracións dos coches ao ferrocarril e a Santiago

**PRECIOS ECONOMICOS**

Os mellores viños de Jerez son os de

- MARIN e CINTADO -

dirixirse ao seu representante para Galicia:

LINO PEREZ MARIÑAS-Rua Real, 43 - A Cruña

**BOLSA do TRABALLO INTERNACIONAL**

FEDERACION dos EMIGRANTES HESPAÑOLES  
ASOCIACION de BENEFICENCIA

**Enrique Iglesias Corral Barrio**

SUBDELEGADO GENERAL NA REGIÓN NOROESTE  
DE HESPAÑA

A Cruña, León, Ourense, Oviedo e Pontevedra  
A CRUÑA

## Hotel "LA VICTORIA"

Propietario: Manuel Fernández Vázquez

Rua de San Andrés, 154-A CRUÑA

Dirección telegráfica e telefónica VICTOFER

Teléfono número 459

# COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

vapores Correos de gran velocidade ——— Servicios directos dende o porto da Cruña

Próximas saídas **DIRECTAMENTE** da Cruña

## Vapor ESPAGNE 23 de Febreiro

PRECIOS EN CÁMARA		HABANA	VERACRUZ
Primeira crase (varias categorías)	Ptas.	1.650 a 5.000	1.800 a 5.250
Segunda crase	"	1.100	1.200
Preferencia	"	1.000	1.050
TERCEIRA CRAS.	"	600	600

A estos precios hai que añadir os impostos  
Os pasaxeiros terán de presentarse n'esta Axencia cinco días antes da saída.—Ademiten carga.  
Para toda crás de informes dirixirse ao seu consignatario:

**D. NICANDRO FARIÑA**, Rua de Compostela, esquina a Praza de Lugo-A CRUÑA

# COMPANIA CHARGEURS REUNIS

E

## COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

**Liña Brasil-Plata**

Para os portos do Brasil, Montevideo e Bós Aires, sairán do porto da Cruña os magníficos vapores rápidos a dúas hélices e de 12.000 toneladas,

DATA	VAPOR	Prezo en 3. <sup>a</sup> cras
21 de Marzo	<b>DESIRADE</b>	434'60 pesetas

Prezos en cámara

		Pernambuco	Bahia	Rio Xaneiro	Santos	Montevideo	Bos Aires
Prezo do billete en luxo	Ptas.						
En primeira crase.	"			1.675	1.725	1.930	2.000
En segunda crase.	"			768	825	768	768

Aos precios de cámara hai que aumentar os impostos

Nenos menores de dous anos, un gratis por cada familia; de dous a cinco anos, cuarta pasaxe; de cinco a dez anos, media pasaxe; maiores de dez anos, pasaxe enteira. E necesario presentarse nesta Axencia cinco días antes da saída do vapor. Para mais informes dirixirse aos seus Axentes Xenerás en Hespaña:

**ANTONIO CONDE**, Fillos - Plaza de Orense, 2 - A CRUÑA

Telegramas "Chargeurs"

# NELSON LINES

Servicio dende o porto da Cruña para os de Río Janeiro, Montevideo e Bós Aires

PROXIMAS SAIDAS DA CRUÑA

<b>Highland Laddie</b>	26 de Febreiro
<b>Highland Piper</b>	12 de Marzo
<b>Highland Glen</b>	26 de idem

**Prezo en terceira clase: 484'60 ptas.** — Admite pasaxeiros de todas clases e carga

Precios da pasaxe en terceira clase; De 10 anos en adiante, 484'60 ptas.; de 5 a 10 anos non cumpridos, media pasaxe; de 2 a 5 anos non cumpridos, cuarta pasaxe; menores de 2 anos gratis.

Os pasaxeiros teñen que presentarse n'esta Agencia CINCO DIAS antes da data de saída, a fin de cumprir todos os requisitos das vixentes disposicións.—Para mais informes dirixirse ao seu Consignatario

**Nicandro Fariña** - Rua de Compostela (esquina á Praza de Lugo) - A Cruña